



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL **RENOVACIÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR**

De conformidade co establecido na **Resolución do 19 de setembro de 2022 (DOG do 30/09/2022)**, realizarase proximamente neste centro a renovación dos membros do **CONSELLO ESCOLAR** que é o órgano de participación na vida escolar de todos os sectores da comunidade educativa do C.P.I. PLURILINGÜE DE VEDRA. Neste caso renovaranse 1 nai/pai/titor legal, 1 alumna/o e 3 profesoras/es.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O director do Centro.
- Unha profesora ou profesor.
- Unha nai, pai, ou titor legal.
- Unha alumna ou alumno de Secundaria
- Un/ha representante do persoal de administración e servizos

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será **público** e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarse no Centro o **mércores, día 2 de novembro ás 12.00 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se remitirán e se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Vedra, 27 de outubro de 2022.

O director do centro

Circular stamp of the CPI Plurilingüe de Vedra, Xunta de Galicia, Concellería de Educación e Ordenación Universitaria. The stamp contains the text: XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, CPI Plurilingüe de VEDRA (A Coruña).

Asdo.: JOSÉ VIAÑO REY